

NACIONALISMO, IDENTIDADE E RECOÑECIMENTO CULTURAL: OS *GALICIAN STUDIES* E O XIRO POSNACIONAL

JOSÉ ANTONIO LOSADA-MONTERO
Southwest Minnesota State University

RESUMO: Este artigo proporciona un contexto interdisciplinar para reflexionar sobre o rol do nacionalismo galego na configuración de narrativas e identidades historicamente invisibilizadas polos discursos hexemónicos. A través dunha análise histórica das loitas que afrontaron as asociacións de mulleres en Galicia, os intelectuais galeguistas e o nacionalismo galego durante o franquismo, este texto procura combater as miradas esencialistas que describen o nacionalismo galego. Ademais, repasaremos como lonxe de reificar identidades, o nacionalismo galego axudou historicamente a grupos e culturas invisibilizadas a restablecer a súa identidade e a organizar accións colectivas.

PALABRAS-CHAVE: nacionalismo; posnacionalismo; políticas de identidade; invisibilización; desterritorialización; Estudos Galegos.

NATIONALISM, IDENTITY AND CULTURAL RECOGNITION: GALICIAN STUDIES AND THE POST-NATIONAL PERSPECTIVE

ABSTRACT: This article aims to provide an interdisciplinary context to reflect on how nationalist historical struggles have configured narratives and identities of political and spiritual redemption, and how both misrecognized narratives and identities are currently challenged by liberal and postnational frameworks. It will first attempt to de-essentialize Galician nationalism through a historical analysis of the struggles faced by Galician women's associations, «galeguistas» and Galician nationalists during Franco's regime. Moreover, we will review how, far from reifying identity, Galician nationalism has historically helped misrecognized groups and cultures re-enact group identity and galvanize collective action.

KEYWORDS: nationalism; postnationalism; identity politics; misrecognition; maldistribution; deterritorialization; Galician studies.

A comezos deste milenio, inmersos xa no *global turn* anglosaxón, as tomas de posición de galicianistas coma Joseba Gabilondo, Kirsty Hooper ou José Colmeiro concordaban en presentar os discursos do nacionalismo cultural galego como expresións propias dunha narrativa dominante e excluínle. Para estes críticos o nacionalismo cultural galego vertebrábase sobre unha matriz marcadamente restritiva, dende a que se forxaba unha identidade nacionalista que marxinaba as identidades subalternas. En palabras de Hooper (2011: 17): «Poderíamos ler a narrativa dominante da historia cultural galega como un intento por volver a un mapa cultural de Galicia que exclúe o outro a través da chamada a un mito fundacional da independencia cultural, política e hexemónica.»¹ Esta lectura, en termos de exclusión social, mantíña a interpretación que outro crítico coma Gabilondo fixera anos atrás ó denunciar baixo a expresión de «exceso nacionalista» a estrutura «exclusiva e separatista das historias literarias e identidades nacionalistas en España» (2009: 251).

¹ As traducións do inglés e do castelán ó galego son obra do autor deste artigo. O termo *Galician Studies* fai referencia ó campo académico, á *doxa*, ás tensións e ás tomas de posición que conforman o campo dos Estudos Galegos na academia anglosaxona. Os traballos cos que abrimos este artigo corresponden a autores formados tanto na academia estadounidense coma na academia británica. A través dos textos veremos como as tomas de posición destes autores coinciden en ofrecer, dende a tradición liberal do multiculturalismo, os paradigmas posnacionais e a desterritorialización cultural, solucións culturalistas para o que a miúdo son problemas ou conflitos de índole institucional. Este xeito de aproximarse a situacións de marxinación cultural véterase sobre modelos epistemolóxicos, máis ou menos liberais, propios da academia anglosaxona, que tenden a entrar en conflito con aqueles modelos que vencellan as posicións de subordinación sociocultural ás posicións que tales grupos ocupan na división social do traballo, na redistribución dos recursos e no acceso activo ás institucións públicas. Pensamos que manter o termo inglés *Galician Studies* axuda a contextualizar intelectual e historicamente unha tensión propia e contemporánea da academia anglosaxona: as loitas entre aqueles que se acercan ás políticas de identidade dende discursos afirmativos —recoñecemento— e aqueles que propoñen discursos transformativos —redistribución— para cuestión de marxinación sociocultural.

Neste contexto, Hooper, Colmeiro e Gabilondo formulan hoxe un tipo de achegamento ó mapa cultural galego que combata e «desbarate as continuas exclusións feitas en base ó xénero, á orixe e á lingua» (Colmeiro 2017: 6). Por un lado, propoñen un proceso de desterritorialización do mapa cultural dominante —nacionalista— e por outro, a práctica de lecturas alternativas da historia cultural galega posnacionais. Trátase de evitar, nas súas propias palabras, a combinación fatal de nación e cultura, e de «repensar o papel doutras categorías como o xénero sexual, a clase social [...] á hora de achegar estratexias alternativas para a articulación de novas identidades políticas e individuais» (Hooper 2012: 46)².

A introdución de marcos posnacionais e a procura do recoñecemento do «outro» a través da redefinición de narrativas culturais son, con todo, prácticas historicamente criticadas por unha parte importante da filosofía política feminista. Figuras coma Susanne M. Okin, Nancy Fraser ou Anne Phillips son especialmente críticas con estas posicións, cos marcos e medidas que nas loitas contra a marxinação se achegan a estas tensións en termos eminentemente culturalistas e posnacionais. Para Fraser este tipo de achegas corren o risco de reificar termos coma «cultura» e «identidade» e en consecuencia illar «os procesos de invisibilización da súa matriz institucional» (Fraser 2000: 100). Para esta profesora as situacións de marxinação cultural non son alleas, nin cabe desvencellalas, da posición de subordinación que ocupan certos grupos na división social do traballo, na redistribución dos recursos e no acceso activo ás institucións públicas. É dicir, a invisibilidade cultural, a falla de recoñecemento simbólico, non se podería comprender separada do status xurídico, laboral e social que impediría a tales grupos articular a súa identidade e difundir a súa cultura en condicións de igualdade co

² Por exemplo, e en relación á recuperación e visibilización da literatura galega feminina, este recoñecemento somente sería posíbel, en palabras de Gabilondo, dentro do devandito marco posnacional. Este marco de lectura, «máis alá de esixir un coñecemento nacionalista da historia literaria, problematiza este mesmo concepto para revelar as diferentes articulacións xeopolíticas e biopolíticas que o nacionalismo desautoriza para defender a súa hexemonía» (2009: 266).

resto da sociedade. Por todo isto, cando Fraser ou Phillips falan de recoñecemento cultural ou de acceso á cultura, insisten en que estas loitas non poden desvincularse das loitas polo acceso ós medios, ás institucións e ás condicións de posibilidade que consagran e recoñecen a esas culturas.

Reparemos, a modo de exemplo, nas loitas históricas das mulleres galegas pola súa liberación, na dirección e no contido das súas tomas de posición e, sobre todo, nas prácticas hexemónicas que con maior esforzo procuraron interromper.

Alá polos anos 80, agrupacións como a Comisión da Muller da AN-PG, Feministas Independentes Galegas (FIGA) e activistas coma María Xosé Agra e María Xosé Queizán insistían en que o éxito pola liberación da muller en Galicia viría sobre todo da debilitación da hexemonía patriarcal, tanto nas institucións coma nos espazos laborais —e non tanto do abatemento do nacionalismo galego dominante³. Ó articular a falla de recoñecemento como unha forma de subordinación institucionalizada, a loita por tal recoñecemento esixía, amais da interrupción dos discursos hexemónico-patriarcais, a revisión, por partida dobre, da presenza da muller tanto nas institucións galegas coma no reparto dos bens materiais da nación.

No impulso e articulación destas loitas foron claves a revista *Andaina*, dirixida por Nanina Santos, militante comunista e impulsora da Asociación Galega da Muller, e a revista *A Nosa Terra*, vinculada ó nacionalismo da UPG a través da súa primeira directora Margarita Ledo, entre 1977 e 1980. Ó longo deste artigo acadiremos constantemente a

³ De feito, en palabras de María Xosé Queizán, non se poderían comprender as loitas e o auxe do feminismo en Galicia sen ter en conta a súa estreita relación co nacionalismo galego: «Unha cousa que quería comentarche en relación co feminismo é que as mulleres eramos totalmente nacionalistas. O galego foi a lingua do feminismo galego, algo que non sucedía por exemplo en Cataluña, nin no País Vasco. O feminismo galego caracterizouse sempre por utilizar o galego como lingua propia e apoiar a muller galega e ter un carácter moi galeguista» (Queizán en Fente 2010: 217).

estas revistas, así como ás obras de María Xosé Queizán *A muller en Galicia* (1977) e *Recuperemos as mans* (1980), tomas de posición, todas elas, claves para vertebrar un discurso que articulaba a liberación da muller en termos de emancipación e onde a lexitimación da identidade feminina era indisociábel das loitas da nación pola súa propia autonomía.

A dependencia feminina préstase ás mesmas confusións que as causas e natureza do desenvolvemento dos países dependentes. Ambas son produtoras de valores de uso e dependentes do capitalismo. O capital precisa estas subdesenvolvidas e colonizadas e chucha delas co mesmo bico que do traballo feminino (Queizán 1977: 9-10).

Pensem nas accións protagonizadas en marzo de 1982 pola Coordinadora Feminista de Vigo e a Asamblea de Mulleres da Coruña —entre outras asociacións—, cando traballaban nunha moción ó Parlamento Galego para revertir a opresión na que por entón vivían as mulleres en Galicia. O texto da moción procuraba sobre todo a implantación de medidas regulatorias e o investimento de recursos nos espazos educativos, sanitarios e laborais: «Por isto esiximos: cursos de coeducación para os profesionais do ensino. Creación de centros de información sexual e anticonceptiva [...] Traballo para as mulleres. Regulamentación para traballadoras do servizo doméstico [...]» (*Andaina* 1989: 13). Este tipo de discursos que buscaban o recoñecemento a través da interrupción de tomas de posición hexemónicas en espazos patriarcalmente artellados continuaría ó longo dos anos oitenta. En marzo de 1986 a Coordinadora Feminista Galega enviaba un comunicado editado pola Asociación Galega de Mulleres de Ferrol (AGM), a AGM de Santiago e a Asemblea de Mulleres da Coruña onde se ratificaba que só a intervención a prol dunha sociedade e dunhas institucións máis equitativas concedería a posibilidade dun estado de paz, sólido e efectivo —entendendo «paz» sempre en termos de «xustiza», de equidade distributiva: «Falamos de paz e dicimos que paz é ter un posto de traballo na nosa terra sen ningunha discriminación salarial. [...] A paz non é só a ausencia da guerra. Paz é ter traballo, casa, comida, sanidade, cultura e ocio» (*Andaina* 1989: 20).

É evidente que hai un esforzo constante en todas estas proclamas por relacionar a invisibilidade sociocultural da muller cun estatus de subordinación que non a reconece, social e xuridicamente, como cidadá de pleno dereito. En palabras de María Xosé Molina, membro da AGM de Santiago de Compostela en 1983 (*Andaina* 1989: 15):

Namentres estes dereitos non existan, namentres non miremos unha actitude de loita intransixente, nas leis e na vida, contra os comportamentos discriminatorios e machistas, as mulleres do Movemento Feminista Galego diremos NON.

[...] Non a calquera democracia que nos exclúa como cidadáns de pleno dereito.

En resumo, na Galicia dos 80 as loitas destas mulleres polo seu recoñecemento estaban guiadas, sobre todo, por accións e intervencións destinadas a reverter a súa subordinación histórica, e non tanto —ou polo menos non sómente— por medidas dirixidas á afirmación e ó recoñecemento da súa diferenza, da súa identidade específica como grupo⁴.

⁴ Este último discurso, o do reclamo da diferenza, sería moito máis común ó longo dos anos 90, cando en nome do multiculturalismo e das políticas de identidade se comezarían a propoñer remedios afirmativos e culturais para o que na maioría dos casos eran, en palabras de Fraser, agravios de matriz institucional. Os *Galician Studies* non foron impermeables ó paradigma multiculturalista. Varias das tomas de posición aquí mencionadas articularon sobre matrices básicamente culturalistas as solucións a problemas de recoñecemento en Galicia —desterritorialización de mapas culturais, relativización de narrativas dominantes—, correndo o risco de hipostasiar o valor liberador do discurso cultural, e abstraendo os problemas de exclusión, invisibilidade e marxinación da súa matriz institucional. É dicir, acabaron por articular a loita polo recoñecemento menos como unha loita pola interrupción das lóxicas institucionais hegemónicas e máis como a loita ontolóxica polo recoñecemento multicultural da diferenza, reificando moitas veces as identidades e culturas que procuraban revalorizar.

A partir de agora, e co propósito de rearticular os problemas de recoñecemento e invisibilidade dentro da súa matriz institucional imos someter á súa radical historicidade tres conceptos dominantes nas discusións sobre minorías socioculturais nos *Galician Studies*: nacionalismo, cultura e identidade. Trátase de localizar estes conceptos «nos seus propios contextos históricos e xeopolíticos antes de que fosen incorporados, e neutralizados ideoloxicamente, polos paradigmas teóricos correspondentes» (González Millán 1993: 75). No caso do nacionalismo, interézanos historizar o proceso de articulación do discurso nacionalista galego como forma de resistencia e acción colectiva durante os últimos anos do franquismo e os primeiros da transición, e contextualizar así o rol que este discurso tivo nas loitas polo recoñecemento de culturas e identidades invisibilizadas, aprendendo estas loitas na súa dobre realidade, dereito á manifestación libre de expresións culturais e dereito ó control dos territorios e ós medios que as posibilitan.

En definitiva, trátase de estender as discusións sobre cultura e identidade en Galicia máis alá das lecturas escolásticas e multiculturalistas. Pensamos, como facía González Millán, que «só unha avaliación de cada situación particular concretada na análise dos conflitos sociais e das prácticas sociopolíticas que interveñen na institucionalización do exercicio de poder pode contrarrestar o efecto de xeneralizacións inoperantes e ideoloxicamente saturadas» (1993: 75).

NACIONALISMO: FORMAS DE RESISTENCIA E ACCIÓN COLECTIVA

Na introdución deste artigo repasabamos as tomas de posición que desde os *Galician Studies* describían o nacionalismo como unha fórmula histórica de homoxeneización cultural, remisa a aceptar identidades biopolíticas de carácter subalterno.

Agora, a través de certos exemplos, propoñemos avaliar o rol de discursos galeguistas e nacionalistas na loita, xa non pola autonomía da nación, senón tamén polas condicións necesarias sobre as que colectivos sociais e intelectuais rearticularon novas e vellas identidades, indis-

pensábeis para recoñecerse e sobrevivir tanto no exilio americano coma na Galicia contemporánea⁵.

Comecemos viaxando a Galicia e centrándonos no galeguismo dos anos cincuenta. Unha vez situado en perspectiva histórica, comprendemos que parte deste galeguismo articulouse orixinariamente como unha resposta en forma de resistencia cultural dunha xeración de adolescentes á opresión e represión do franquismo. Por aquela época a presenza da Brigada Político Social apouvigaba rapaces coma Rodolfo López Veiga por ler e publicar textos en galego, e «obrigaba» ó uso do castelán nos faladoiros organizados por Ramón Lugrís e Franco Grande en Santiago de Compostela. Un contexto opresor contra o que se asociaban e resistían estes galeguistas⁶.

A situación non variou moito nas décadas seguintes. Nos anos sesenta e setenta comenzaron a formalizarse agrupacións en Galicia como o Movemento Democrático de Mulleres (MDM) —moi vinculado ó PCE—, e partidos nacionalistas como a Unión do Povo Galego (UPG) que reaccionaban e actúan, en diferentes eidos, fronte ás forzas represivas e patriarcais do franquismo. Estas organizacións, xunto a aquelas que pouco a pouco se ían formando coma a Secretaría da Muller de CCOO ou a Asemblea Nacional-Popular Galega, foron converténdose

⁵ En relación ó exilio galego e ó rol do nacionalismo como forma de resistencia e acción colectiva, é imprescindible ler os traballos de Álex Alonso sobre intelectuais coma Luis Seoane e Castelao. Cando insistimos nunha lectura excluínte do nacionalismo galego, a miúdo ahistórica e escolástica, corremos o risco de neutralizar os esforzos destes axentes, amais das súas loitas polo establecemento dunhas institucións galegas, claves na consagración do recoñecemento de colectivos, histórica, política e culturalmente invisibilizados.

⁶ En palabras de Franco Grande (2004: 42) «Mourullo decatouse de que ían entrar no pequeno bar dous policías, membros da entón temida Brigada Político Social, moi coñecidos. «¡Coidado!», dixo. «¡Falade en castelán!» E cando, dende a barra do bar se decataron da nosa presenza, un deles volveuse para nós, despois dunha indicación do seu compañeiro, dicindo: «Pues si yo tuviera una ametralladora, ta, ta, ta, ta», facendo un xesto coa man, como levando o ritmo da metralladora disparando».

en imprescindíbeis para a reivindicación de colectivos e culturas asoballadas polo franquismo. Na articulación destas organizacións foron indispensábeis axentes como Carmen Segurana, impulsora do Movemento Democrático de Mulleres en 1969, Margarita Rodríguez Montes e Blanca Rodríguez Pazos, vinculada ó PCE e organizadora, xunto con Teresa Maseda e Carmen Fernández, do Movemento Democrático de Mulleres en Lugo⁷.

Paralelamente, e fóra de Galicia, o nacionalismo espallábase como unha forma de resistencia colectiva. A insurxencia e as guerras na África colonial, amais da guerra de Vietnam, inspiraban a intelectuais e nacionalistas que en Galicia seguían a loitar contra o réxime de Franco. Para Méndez Ferrín, o nacionalismo «non só non era unha antigüidade decimonónica inservíbel senón que rexurdía modernizado e vigorizado polo marxismo no Terceiro Mundo [...], o inicio dos anos sesenta configurou o nacionalismo como a grande alavanca que facía remover o mundo en Asia, África e podía facer o popio na Europa dos colonizados» (Franco Grande 2004: 427). Mediada polos traballos do *Comité d'Études e d'Action* e as teorías sobre o colonialismo interior e o discurso rexionalista de Robert Lafont, a loita do continente africano contra o imperialismo viviuse moi de preto nos colectivos nacionalistas na Galicia dos setenta, sobre todo os conflitos coloniais que atinxían a países tan pretos ó noso como o portugués. Ademais, neste conflito, na Guerra de Libertación entre 1961 e 1974, os movementos nacionalistas en Angola e Mozambique serían claves para impulsar accións colectivas que desafiaban e loitaban contra a dominación colonial⁸.

⁷ Para unha andaina cara ó feminismo dende a loita franquista e a acción veciñal, pódese consultar «O movemento democrático de mulleres en Galicia» en culturagalega.gal, <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=1042>.

⁸ Durante a década dos setenta, a raíz de certos influxos marxistas e dos traballos de Lafont sobre colonialismo interior e revolución rexionalista, aparecen os traballos de Xosé Manuel Beiras (1972, 1976), Ramón López Suevos (1975), Xan López Facal (1977) e Camilo Nogueira (1977), onde, máis alá das súas diferenzas, coinciden todos en presentar unha Galiza en termos de estrutura económica, desarticulada, espoliada e marxizada tanto financeira coma culturalmente. Para ver como

Na década dos oitenta, de volta en Galicia, organizacións nacionalistas coma a UPG e o BNG terían un peso capital na activación de movementos sociais e a organización de asociacións feministas⁹. Xunto á asociación de Mulheres Livres, outras agrupacións ligadas a movementos nacionalistas coma Mulleres Nacionalistas Galegas ou Feministas Independente Galegas participarían activamente nas loitas feministas contra o patriarcado xurídico, educativo e laboral do franquismo.

Para moitas destas agrupacións o recoñecemento e a liberación da muller implicaban tamén o recoñecemento de Galicia como unha nación libre, unha reivindicación que se engadía ás loitas por mellorar as condicións de acceso ó espazo laboral e por cambiar aspectos dos currículos educativos. Pensemos, por exemplo, nas manifestacións reivindicativas de marzo de 1984. Baixo o lema «Traballo remunerado para ser independente. Liberdade para andar soas», asociacións feministas apoiadas por Comisións Obreiras, o Partido Comunista Galego, e grupos nacionalistas coma o BNG e a UPG participaron activamente na coordinación, organización e proclamas destas manifestacións: «Pensamos que a nosa situación é parecida á doutras moitas mulleres doutros moitos países pero tamén sabemos que o noso futuro como mulleres independentes terá que ir unido ó dunha Galicia liberada» (*Andaina* 1989: 19).

Ó longo deste apartado intentamos mostrar o galeguismo dos anos escuros, o nacionalismo galego do tardofranquismo e as súas organizacións feministas como exemplos de acción colectiva, modelos de resistencia contra hexemonías alienadoras e principios de visión e división dominantes. Foi un intento de ver estes movementos tamén como movementos de empoderamento, de protección e rearticulación de culturas e identidades invisibilizadas, relegadas polo seu status de subordina-

estes autores, membros da UPG uns e do PSG-EG outros, reaccionaron e articuloron de xeito desigual unha serie de medidas para que Galiza deixase de ser colonia durante o último franquismo pódese consultar o texto de Carabajo Vázquez (2016).

⁹ Véxase por exemplo a influencia da UPG na formación da organización nacionalista de Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA) e a participación do BNG no desenvolvemento da asociación de Mulheres Nacionalistas Galegas (MNG).

ción. Un conxunto de culturas e identidades que ó carecer dos medios e recursos de produción eran representadas e obxectivadas polas estruturas estruturantes dos grupos dominantes.

Dentro dos *Galician Studies* e naqueles discursos vertebrados sobre propostas liberais, desterritorializadoras e posnacionais, a miúdo empregamos conceptos como «nación», «nacionalismo» ou «posnacionalismo» como categorías prácticas para a análise de conflitos históricos e socioculturais. Estes conceptos aparecen nestas discusións como «prenocións», ou como dirían Pierre Bourdieu, Patricia Churchland ou Rogers Brubaker, «categorías folk», «categorías do sentido común», «principios prácticos do criterio cotián». Ó adoptar estas categorías como categorías de análise córrese o risco de deshistorizalas, de reforzar involuntariamente a súa reificación e articular escolásticamente o que en realidade son movementos históricos e específicos como os «nacionalismos». Acabamos máis por usar estas realidades como categorías *para discutir* que como categorías *continxentes para ser discutidas*. En consecuencia, estes actos de deshistorización acaban por neutralizar o rol que movementos e asociacións nacionalistas tiveron historicamente na organización e activación de culturas e identidades ata entón invisibilizadas polos discursos hexemónicos.

NACIÓN, NACIONALISMO E POBO GALEGO: O DEREITO Á CULTURA PROPIA

«Cultura» en tanto que concepto é sempre un concepto esvaradío, difícil de obxectivar. A súa discusión, aínda así, é necesaria, sobre todo, naqueles casos nos que un Estado sintoniza cunha cultura diferente á dun colectivo ou pobo en cuestión e onde «o seu desenvolvemento de políticas que satisfagan dereitos culturais resultan lesivos do dereito á cultura propia» (Clavero 2007: 207).

Co fin de acotar a discusión imos entender «cultura» non só no seu sentido inmaterial, senón tamén no seu ámbito material, é dicir, o das terras, recursos e medios que permiten o exercicio de expresións

culturais como a lingua ou o sentimento relixioso, condicións necesarias para preservar e desenvolverse na cultura na que primeiro nos identificamos. Traballar con esta dobre concepción de «cultura» é primordial en contextos coloniais e tamén naqueles Estados identificados cunha cultura diferente á dun dos seus colectivos ou pobos en cuestión. Nestes contextos, sobre todo, os problemas culturais están a miúdo asociados con problemas de liberdades, tal e como, para o caso galego, notaban Lois Peña Novo en 1922¹⁰ ou Franco Grande durante o réxime franquista:

Aqueles rapaces de entón, nados coa guerra civil —1936 é a data de nacemento de case todos nós—, illados do mundo exterior (do que case nada sabiamos), sen posibilidades de información que case nin oíramos falar da cultura galega, que andabamos por Santiago baixo a ollada atenta e perversa da Brigada Político Social [...].

Dicir que Galicia era entón un deserto é dicir moi pouco. [...] Pois o que hoxe lle é dado á xente —información, publicacións, un ambiente, unha realidade determinada...— non existía daquela (Franco Grande 2004: 41-42)¹¹.

¹⁰ En contestación a Risco, Peña Novo escribía en *A Nosa Terra*: «La disparidad fundamental entre el criterio de Risco y el mío está en que para él el nacionalismo no es más que un problema de cultura; y para mí, siendo un problema de cultura, es antes de nada un problema de libertades. Risco en su libro que cita *Teoría do nazionalismo galego*, hace las siguientes afirmaciones: «Nosotros no queremos hacer de Galicia una nación soberana», «Desde luego nosotros reconocemos la soberanía del Estado español» [...] Pues frente a convivencia que Risco admite, yo proclamo la más absoluta incompatibilidad del Estado español con el ideal nacionalista» (en Villares 2014: 401).

¹¹ Aínda que ó longo deste artigo nos achegamos á Galiza do franquismo a través da memoria, sobre todo, de Franco Grande é imprescindible subliñar que as tomas de posición dun axente están sempre condicionadas pola posición que ese mesmo axente ocupa dentro do espazo social. Sería un erro universalizar a visión particular de Franco Grande acerca das accións políticas e culturais de Galiza durante o franquismo como a visión con maiúsculas sen, polo menos, mencionar aquelas memorias que ben puidesen disentir, entrar en conflito ou simplemente manifestar unha visión heterodoxa daqueles anos. Habería que cotexar o texto de Franco Grande, non só cos textos sobre esa época de Méndez Ferrín ou Beiras,

Antes de abordar as liberdades e os problemas culturais dentro de Galicia interésanos revisar, unha vez máis, o rol das institucións, nacionais e internacionais, nas loitas de certos pobos polo dereito á súa cultura, e contextualizar así o valor e a necesidade de declaracións coma os Dereitos das Persoas Pertencentes a Minorías Nacionais ou Étnicas, Religiosas e Lingüísticas. Trátase, da man de Bartolomé Clavero, entre outros, de ilustrar brevemente as loitas deses pobos sen Estado pola súa identidade, pola súa autonomía, por estar presentes nas institucións e organismos que formalmente e *de facto* recoñecen e validan a súa cultura.

Comezaremos aclarando que nunha organización coma as Nacións Unidas (ONU) son estritamente os Estados os encargados do recoñecemento dos dereitos humanos e por ende os comprometidos coa garantía dos mesmos. A ONU é uha organización onde só existen os Estados en tanto que suxeitos de poderes, por iso, cando na Declaración Universal de Dereitos Humanos se mencionaba: «Toda persoa ten dereito a tomar parte libremente na vida cultural da comunidade» (art. 27), o que *de facto* se estaba a suxerir era que toda persoa tiña o dereito para tomar parte libremente na vida cultural do Estado no que se inscribía. Nese contexto, «comunidade» funcionaba coma un eufemismo de Estado e «vida cultural» como un eufemismo para aquela Cultura con maiúsculas coa que se identificaba o Estado de turno. É dicir, quedaban desamparadas todas aquelas culturas e pobos que non contaban con Estados propios e polo tanto co respaldo institucional e xurídico imprescindible para preservar as súas identidades, para formalizalas e validalas intersubxectivamente.

Anos máis tarde, en 1966, íase establecer o Pacto de Dereitos Civís e Políticos que entraría en vigor en 1976 e que desenvolvía o artigo 27

senon tamén coas recentes memorias de María Xosé Queizán (2018) e quizais as menos populares de Fernando Pérez-Barreiro Nolla (2013) ou Herminio Barreiro (2008). Acerca dos movementos de resistencia na Galiza do franquismo, e máis alá das memorias xa citadas, son de consulta obrigada os traballos de Ana Cabana Iglesias e Alba Díaz Geada, así como as publicacións e traballos dos grupos de investigación Histagra e Hispona.

citado previamente: «Nos Estados en que existan minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas, non se negará ás persoas que pertencen ás devanditas minorías o dereito que lles corresponde [...], a ter a súa propia vida cultural, a profesar e practicar a propia relixión e a empregar o seu propio idioma». Case vinte anos máis tarde, en 1992, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobaría a Declaración de Dereitos das Persoas Pertencentes a Minorías Nacionais ou Étnicas, Relixiosas e Lingüísticas quebrándose así a ecuación exclusiva entre Nación e Estado, e no ano 2000 as cousas volverían cambiar cando a Subcomisión para a Prevención de Discriminacións e Protección ás Minorías se redefinía na Subcomisión para a Promoción e Protección dos Dereitos Humanos.

Ainda que breve, esta cronoloxía ilustra que a loita polo dereito á cultura é tamén a dobre pugna, por un lado, por alcanzar os recursos e por outro por acceder ás institucións e organismos nos que reside o poder de nomear, de producir e consagrar significados e identidades.

No caso galego, por exemplo, os esforzos de Carballo Calero, Paz Andrade e Lois Tobío dedicados á redacción dun Anteproyeito do Estatuto de Galiza non ían so destinados a superar a censura primorrista de revistas como *A Nosa Terra* e *Nós*, senón a ter a autonomía e o control dos recursos que posibilitaban tales expresións culturais, é dicir, de gozar do dereito á cultura e ás condicións que a posibilitaban na Galicia de entón. Unha loita pola cultura/liberdade moi similar á que protagonizaron membros da Organización Republicana Galega Autónoma como Emilio González López e Peña Novo ó desempeñar roles decisivos na tramitación do Estatuto de Autonomía, ou membros do Consello de Galiza e do Partido Galeguista ó loitar pola autonomía de Galicia nos límites da Constitución republicana.

Nestes contextos *A Nosa Terra*, *Nós*, *Galaxia*, a *Revista de Economía de Galicia* ou *Galicia Emigrante* non só foron, amais de moitas outras, empresas culturais en réximes ditatoriais, tamén foron órganos de reunión e acción colectivas que, a través das institucións, loitaron polo dereito a unha cultura e ós medios e recursos que a facían posíbel. Unha batalla pola cultura que as persoas que non son indíxenas nin membros de minorías necesitarán disputar, porque elas —parafraseando a Clave-

ro— teñen dereito á súa propia cultura sen necesidade de ser recoñecida, xa que está garantida, sen necesidade de proclamalo, polo Estado que se identifica con ela (Clavero 2007: 215).

En definitiva, tal e como rematabamos o anterior apartado, cando estudamos os problemas culturais lonxe da súa matriz institucional e reificamos o nacionalismo como un movemento de exclusión do «outro» corremos o risco de neutralizar o rol que certos axentes e asociacións nacionalistas tiveron na preservación dunha cultura oprimida historicamente por discursos ditatoriais. Por isto, parécenos capital artellar un diálogo académico que historice e non confunda o nacionalismo exclusivista co que historicamente foron loitas polo dereito de culturas a constituírense como «pobos».

IDENTIDADE MÁIS ALÁ DA REIFICACIÓN: INTERVENCIÓN E INTERRUPCIÓN NA PRODUCCIÓN DE SIGNIFICADOS

Un dos criterios dominantes á hora de discutir a construción da realidade social, os seus grupos e identidades, segue sendo o criterio fenomenolóxico, profundamente ligado ás vellas teorías idealistas da conciencia. Baixo este criterio, eminentemente subxectivista, son os propios axentes os que constrúen a realidade social. É dicir, o mundo social, o seu sentido e os seus significados serían o produto da constante agregación de actos individuais de construción, o que outorgaría á subxectividade e á conciencia dos axentes a supremacía na produción de significados. Baixo este razoamento parecería que un cambio radical nas devanditas conciencias dos suxeitos conseguiría desterrar as vellas representacións posibilitando a produción de novos significados.

Nos apartados anteriores vimos como asociacións feministas galegas nos anos 80 e agrupacións nacionalistas durante o exilio loitaron por acadar un status simbólico e institucional de igualdade para os seus colectivos. Unha meta inalcanzábel sen unha loita constante por interromper e desarticlar o uso político daqueles mecanismos que, como certos dereitos, definían a estes colectivos marxinandoos.

Neste apartado, imos observar como estes colectivos sabedores dos lugares, dos procesos e dos mecanismos que consagran as identidades «lexítimas», loitan por interromper e redefinir os discursos normativos desas institucións, institucións capaces de impulsar as divisións sociais duradeiras e de facer existir no estado obxectivo as identidades que previamente só existían nun estado implícito. Traer a colación unha teoría da produción de significados que teña en conta as formas intersubxectivas de validación e as institucións co poder de afirmar «verdades» con forza de lei —«worldmaking»—, permítenos arrequecer o debate en torno a identidade e nación nos *Galician Studies*. Posibilitáanos un marco alternativo de diálogo que comprenda a articulación e a validación práctica das identidades no seu marco institucional e non só como o resultado dos actos individuais daqueles que as conforman.

Se reparamos de novo na historia dos movementos feministas en Galicia veremos que unha vez rematado o franquismo, unha das grandes batallas das asociacións de mulleres foi tamén a de redefinir as lóxicas e as relacións institucionais de subordinación interrompendo de facto e formalmente os mecanismos xurídicos de dominación. Ata ese momento, nun sistema eminentemente patriarcal, era o home, o pai de familia, o principal e único suxeito de dereito. Un status que lle outorgaba a calidade e a capacidade de actuar xuridicamente, de ser recoñecido xa non só como individuo senón ademais como actor social. A muller, con todo, organizábase para reclamar esa calidade, esa capacidade de actuar xuridicamente que ata entón se lle confería somente ó *pater familias* e á figura do matrimonio —polo matrimonio marido e esposa eran en dereito unha «persoa xurídica», onde a existencia xurídica da muller quedaba en suspenso. O problema, en palabras de Clavero, non era que o suxeito feminino doméstico aparecese discapacitado, senón que era totalmente anulado: «[...] por iso chámasele na nosa linguaxe xurídica de matriz francesa feme-covert; dise que está covert-baron, ou baixo a protección e influencia do marido, o seu barón ou señor» (1997: 28).

Baixo estas circunstancias, as asociacións de mulleres galegas sabían que era capital o recoñecemento da súa igualdade xurídica e un cambio radical no modo no que as institucións e os aparellos ideolóxicos do es-

tado identificaran ó suxeito feminino nos ámbitos civil, penal e laboral. Con este propósito modificouse o Código civil en 1975, onde os artigos 62 e 63 regulaban a autonomía de cada un dos cónxuxes no matrimonio e onde o deber de obediencia da muller ó marido quedaba finalmente eliminado. Tratabase, por medio da Constitución de 1978, a Lei de relacións laborais de 1976 e os cambios nos Códigos penal e civil deses anos de rearticular a identidade da muller e o seu status xurídico en tanto que suxeito de dereito —xa non so como individuo, esposa ou consorte.

Estas loitas, por facerse cos medios e as ferramentas desde as que interromper vellas identidades e construír novos significados, levounas a reivindicar tamén cambios no sistema educativo, onde se perpetuaban estruturas sociais patriarcais e significados do ser e do rol da muller para entón abxectos. Merece a pena mencionar aquí os esforzos e as accións de colectivos como o Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza (STEG), a Asociación Galega de Mulleres (AGM) e a AN-PG que entre 1980 e 1981 impulsaron as discusións sobre a opresión e o rol da muller dentro dos centro educativos, ben a través da organización de charlas educativas, ben a través da elaboración de unidades didácticas.

A importancia de repasar estas loitas é a de ver como as accións de todos estes colectivos se dirixían sempre non só á modificación das disposicións, dos esquemas de percepción e apreciación dos axentes sociais senón, sobre todo, á unha maior presenza nas institucións. Asociacións de mulleres e sindicatos de traballadoras sabían que é nestas, cuxo último obxectivo é o poder para nomear posuído polos Estados, onde se instalan as verdadeiras disputas pola construción do mundo social, pola validación, o recoñecemento e a representación das identidades que o conforman.

CONCLUSIÓN. MARCOS POSNACIONAIS: INSTITUCIONALIZAR A DEMOCRACIA MÁIS ALÁ DA NACIÓN.

En 2005, creouse en Galicia a Secretaría Xeral da Igualdade que se encarga hoxe de xestionar, entre outras moitas medidas, o programa EMEGA,

un sistema de axudas para a creación de empresas e a integración laboral da muller. Dous anos máis tarde e despois de que a Secretaría das Mulleres conquistara o dereito das labregas a cobrar por fillas e fillos menores de tres anos, publicouse no DOG a Lei do Traballo en Igualdade das Mulleres. Acto seguido, en 2008, estableceuse o Programa de Unidade de Muller e Ciencia de Galicia que incrementa a presenza das mulleres nos ámbitos científicos, e anos máis tarde, en 2014, aprobouse a primeira lei autonómica contra a discriminación do colectivo LGBTI onde, por exemplo, redefiniase normativamente o concepto de «familia» —unión entre dúas persoas do mesmo ou distinto sexo, amais das unidades monoparentais¹².

Esta enumeración é unha mostra exigua, pero relevante, de que a contrución da cidadanía galega e a das súas identidades diversas non é nin pode ser nunca unha construción prepolítica. É dicir, nalgún momento as discusións na esfera pública, ben en espazos oficiais ou alternativos hanse de traducir en leis ou políticas dende as que redistribuir equitativamente os ben simbólicos e materiais da nación. Esta redistribución é capital para que esas minorías e colectivos ata entón invisibilizados teñan un primeiro acceso ás condicións de posibilidade, simbólicas e materiais, da súa cultura e das súas identidades.

¹² A prensa nacionalista como *Andaina*, ou *A Nosa Terra*, non so foron plataforma capital para o desenvolvemento do feminismo na Galiza dos anos oitenta, foron tamén medios centrais no apoio e na loita dos colectivos LGBTI por ter unha maior visibilidade. Un ano despois de que o Front d'Alliberament Gai de Catalunya (FAGC) tomara as calles de Barcelona para reivindicar por primeira vez os dereitos de gais e lesbianas, Margarita Ledo entrevistaba no número 21 de *A Nosa Terra* a Xosé M., un dos membros do Frente de Liberación Homosexual Galega, que suliñaba as similitudes desa loita coas loitas feministas, uns movementos «que coma nós teñen como horizonte cuestionar a norma imperante» (*A Nosa Terra* 1978: 7). No caso de *Andaina*, as notas e artigos sobre o lesbianismo en Galiza aparecerían xa dende o seu primeiro número, en 1983, co artigo «Falemos sobor lesbianismo» asinado pola Comisión de Lesbianas da Asociación Galega da Muller de Santiago de Compostela e continuarían durante toda a primeira etapa da revista.

Se o que hoxe se propón dende os *Galician Studies* é un marco de acción posnacional, é imprescindible afrontar a discusión de como se van institucionalizar as leis, as políticas e os principios de visión e división que han de protexer os colectivos subalternos máis alá dos marcos e paradigmas nacionais (Fraser 2014: 2). Este debate, que no fondo é un debate sobre a institucionalización dos procesos democráticos, é unha discusión que a miúdo queda solapada, tachada, sobre todo cada vez que propoñemos solucións e medidas culturalistas para o que no fondo son problemas de índole institucional.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO, Álex (2017). «Blue Atlantic: Gilroy and Galicia». Benita Sampedro; José Losada (ed.), *Rerouting Galician Studies. Multidisciplinary Interventions*. Cham: Palgrave Macmillan, 39-57.
- ANDAÍNA (1989). «O movemento feminista na democracia en Galicia (1977-1989)». *Andaina. Revista do Movemento Feminista*, 17, 1-28. [En liña] [8 de xuño 2019]. <<http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=444>>.
- BARREIRO, Herminio (2008). *Recordar doe: lembranzas escolares e universitarias (1940-1965)*. Vigo: Xerais.
- BEIRÁS, Xosé Manuel (1972). *O atraso económico de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- BEIRÁS, Xosé Manuel ([1976] 1984). «Galicia como colonia». *Por unha Galicia liberada. Ensaio de economía e política*. Santiago: Xerais, 255-261.
- BOURDIEU, Pierre (2000). *Poder, Derecho y Clases Sociales*. Bilbao: Desclée de Brouwer.
- BRUBAKER, Rogers ([1996] 2004). *Nationalism Reframed. Nationhood and the national question in the New Europe*. Cambridge: Cambridge University Press.
- CABANA IGLESIA, Ana (2010). «Algunas notas sobre la opinión popular durante el franquismo en Galicia». *Historia, trabajo y sociedad*, 1, 79-95.
- CABANA IGLESIA, Ana (2017). «Mulleres diante: Rostros femininos e acción colectiva no rural galego». *Boletín Galego de Literatura*, 50, 89-114.
- CARBAJO VÁZQUEZ, Judith (2016). *El Partido Socialista Gallego (PSG) y el discurso de los derechos del franquismo a la transición democrática*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca.

- CHURCHLAND, Paul; CHURCHLAND, Patricia (1998). *On the Contrary*. Cambridge: MIT.
- CLAVERO, Bartolomé (1997). *Happy Constitution: Cultura y Lengua Constitucionales*. Madrid: Trotta.
- CLAVERO, Bartolomé (2002). «Multiculturalismo constitucional, con perdón, de veras y en frío». *Revista Internacional de Estudios Vascos*, 47.1, 35-62.
- CLAVERO, Bartolomé (2007). «¿Cómo es que no hay un derecho humano a tu propia cultura?». *Anales de la Cátedra Francisco Suárez*, 41, 203-216.
- COLMEIRO, José (2017). *Peripheral Visions/Global Sounds. From Galicia to the World*. Liverpool: Liverpool University Press.
- DÍAZ GEADA, Alba (2015). «Modernizar en femenino. Algunas notas sobre el trabajo de las agentes de economía doméstica y los cambios socioeconómicos y culturales en el rural gallego del tardofranquismo». *Historia Actual Online*, 36.1, 149-161.
- FENTE, Elvira (2010). *Parir a liberdade. O movemento feminista en Galicia*. Santiago de Compostela: Alvarellos.
- FRANCO GRANDE, Xosé Luís (2004). *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*. Vigo: Galaxia.
- FRASER, Nancy (2000). «Rethinking Recognition». *New Left Review*, 3, 107-120.
- FRASER, Nancy et al. (2014). *Transnationalizing the Public Sphere*. Malden: Polity.
- GABILONDO, Joseba (2009). «Towards a Postnational History of Galician Literature: On Pardo Bazán's Transatlantic and Transnational Position». Helena Miguélez-Carballeira; Kirsty Hooper (ed.), «Critical approaches to the Nation in Galician Studies». *Bulletin of Hispanic Studies*, 86.2, 249-269.
- GABILONDO, Joseba (2016). *Before Babel: A History of Basque Literatures*. Lansing: Barbaroak.
- GONZÁLEZ MILLÁN, Xoán (1993). «As literaturas do “Terceiro Mundo”: os terceiros dunha polémica». *A Trabe de Ouro*, 13, 67-77.
- HOOPER, Kirsty (2011). *Writing Galicia into the World: New Cartographies, New Poetics*. Liverpool: Liverpool University Press.
- HOOPER, Kirsty (2012). «Unha nova volta ás cartografías da cultura galega: lecturas posnacionais, lecturas relacionais». *Galicia*, 21, 44-56.
- LAFONT, Robert (1967). *La Révolution régionaliste*. Paris: Gallimard.
- LÓPEZ FACAL, Xan (1977). *Desarticulación y dependencia industrial de Galicia*. Santiago de Compostela: SODIGA.

- LÓPEZ SUEVOS, Ramón (1975). *Cara a unha visión crítica da economía galega*. A Coruña: Edicións Rueiro.
- NOGUEIRA, Camilo (1977). *Población y desarrollo económico en Galicia*. Santiago de Compostela: SODIGA.
- PÉREZ-BARREIRO NOLLA, Fernando (2013). *Amada liberdade*. Vigo: Xerais.
- QUEIZÁN, María Xosé (1977). *A muller en Galicia. A muller na sociedade galega. A lingua galega e a muller. Análise estrutural de dous feitos represivos*. A Coruña: Edicións do Castro.
- QUEIZÁN, María Xosé (1980). *Recuperemos as mans*. Santiago de Compostela: Edicións do Cerne.
- QUEIZÁN, María Xosé (2018). *Vivir a galope*. Vigo: Xerais.
- VILLARES, Ramón (2014). *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.